

Reibón, 18 de xaneiro de 2021

Estimadas Familias do CEIP Plurilingüe de CEIP Reibón,

O **Equipo de Dinamización da Lingua Galega** e o **Claustro** quere informarvos da terceira edición da campaña “**21 DÍAS EN GALEGO**” que imos iniciar o luns 25 de xaneiro.

É unha campaña de promoción do uso da nosa lingua que vai levar a cabo o concello de Moaña, na que van participar todos os centros de ensino e que se vai desenvolver entre o **luns 25 de xaneiro e o domingo 14 de febreiro**.

Durante estes vinte e un días, o alumnado que se inscribiu como participante tentará falar en galego tanto no colexio como fóra do ámbito escolar. E sería para o noso alumnado moi motivador se na casa tentasen seguir con eles/elas a nosa campaña, empregando tamén as familias o galego nestes ámbitos máis coloquiais. O alumnado que adquiriu o compromiso de xeito voluntario levará consigo unha tarxeta na que irán recollendo diferentes selos cada vez usen o galego en situacións non formais.

O motivo desta campaña deriva da falta de competencia oral e escrita que o profesorado está a constatar no noso alumnado por causa do dramático abandono do noso idioma que estamos a vivir. Para os nosos rapaces e rapazas, o galego é case unha lingua estranxeira na que non posúen fluidez e realizan aberrantes traducións do castelán na súa expresión oral e escrita.

Que vantaxes poderían obterse ao participar nesta campaña?

- ⊙ Conseguir fluidez na súa expresión oral e así obter mellores resultados nas probas que requiran observar esta competencia (exposicións, exames orais...).
- ⊙ Mellorar a súa competencia escrita, eliminando paulatinamente os castelanismos polos que son penalizados nas probas que requiran esta competencia (exames, composicións escritas...).
- ⊙ Está demostrado cientificamente que as persoas que dominan máis linguas teñen máis facilidade para adquirir outros idiomas.
- ⊙ A través do galego resulta doado o achegamento ao portugués, o que pode repercutir en beneficios laborais xa que o portugués é a sétima lingua máis falada do mundo (máis de douscentos millóns de persoas).
- ⊙ E, por suposto, como seres humanos preocupados pola cultura, reverter este abandono paulatino do noso idioma que podería levar ao seu esmorecemento. E, como pobo galego, non deixaremos morrer a nosa lingua, fomentarémola para que volva ter a vitalidade que noutros tempos tivo.

Finalmente, non queremos deixar de mencionar que o EDNL e o Claustro está abraiado e orgulloso polo número de alumnos e alumnas que, voluntariamente, se inscriben nos “21 días en galego”, pero é posible que cos seus folgos, aínda se apunten máis.

Sen máis, agradecemos de antemán a todos e todas os que vaian participar na nosa campaña e agardamos que resulte unha actividade normalizadora.

O EDLG/Claustro do CEIP Plurilingüe de Reibón.